

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### EXPERTOS PATÓLOGOS EN CANCRO DE TIROIDES REÚNENSE EN SANTIAGO PARA DEBATER SOBRE OS AVANCES NA PATOLOXÍA

- 40 profesionais de España e Portugal fan unha posta en común dos tumores da glándula tiroides, cuxo diagnóstico está aumentando
- O curso está dirixido polo doutor José Manuel Cameselle do Hospital Clínico compostelá (único español que participou na elaboración da recente edición da Clasificación de Tumores Tiroideos da OMS) e por Manuel Sobrinho, experto recoñecido en 2015 pola revista británica *The Pathologist* como o patólogo máis influente do mundo

**Santiago, 13 de xullo 2022.-** A segunda edición do *Curso Teórico/Práctico sobre o Diagnóstico na Patoloxía Tiroidea* comezou esta mañá no entorno do Clínico e prolongarase ata o venres 15 combinando un escenario docente-hospitalario. Durante 3 días analizaranse os aspectos máis relevantes dos tumores da glándula tiroides, un tipo de cancro cuxo diagnóstico está aumentando na actualidade.

Á inauguración asistiu a xerente da área sanitaria compostelá, Eloína Núñez, o decano da facultade de medicina da USC Julián Álvarez e os directores de curso, José Manuel Cameselle, patólogo do Hospital Clínico de Santiago e Manuel Sobrinho catedrático de Anatomía Patolóxica da Universidade de Oporto.

Trátase dun curso eminentemente práctico destinado a especialistas en anatomía patolóxica dedicados á patoloxía tiroidea e a residentes desta especialidade.

O directores da xornada enfocáronna na actualización de criterios de diagnóstico segundo a clasificación de tumores tiroideos da OMS que acaba de ser publicada e que inclúe os avances científicos máis recentes. Os organizadores de este curso son expertos de recoñecido prestixio que participaron por invitación da **Agencia Internacional del Cáncer de Lyon en Francia**, na elaboración da recente edición da **Clasificación de Tumores Tiroideos de la OMS**.

Entre eles está o doutor José Manuel Cameselle, facultativo do servizo de Anatomía Patolóxica do Hospital Clínico, que é o único patólogo español que participou nesta nova edición da Clasificación da OMS. O outro director do curso que tamén participou en dita clasificación, é o profesor Manuel Sobrinho, catedrático da Universidade de Oporto, director do Instituto de Inmunoloxía e Patoloxía Molecular da Universidade de Oporto, un experto en cancro de tiroides que foi recoñecido en 2015 pola revista británica *The Pathologist* como o patólogo máis influente do mundo.

En palabras do doutor Cameselle "este curso, limitado a 40 participantes polo seu carácter eminentemente práctico, contribuirá a mellorar a capacidade diagnóstica dos médicos participantes, o que sen dúbida beneficiará aos pacientes con enfermidades tiroideas". Aínda que os profesores/as do curso son maioritariamente patólogos/as españois e de Portugal, pretende ofrecer un enfoque multidisciplinar polo que inclúe especialistas en endocrinoloxía, cirurxía, medicina nuclear e oncoloxía. **Saúdos**